

UNIDADE DIDÁCTICA
UN OLLAR FEMINISTA SOBRE

Scórpio
(CARVALHO CALERO)

SUSANA SANCHES ARINS



UN OLLAR FEMINISTA SOBRE
SCÓRPIO





UN OLLAR FEMINISTA SOBRE SCÓRPIO

NOTA PARA DOCENTES. As actividades que acompañan esta unidade están pensadas para a reflexión sobre a cuestión do xénero na literatura. Poden ser realizadas despois da lectura da obra íntegra ou seleccionar a docente un capítulo / fragmento para traballar, segundo lle interese para o desenvolvemento da súa materia.

Cando a Através editou novamente o *Scórpido*, comprei, como subscritora fiel que son, mais admito que sen o ler novamente.

Evito desde hai tempo reler autores que na primeira mocidade adorei. Evítooo por medo a decepcionarme. Formeime completamente no canon hexemónico-oficial e, mesmo a cuestionarme moitas cousas, só me tornei plenamente consciente diso ao mergullar no feminismo. As aprendizaxes que este me ofreceu puxeron de pernas para o aire moitas das miñas seguranzas éticas e estéticas, e viraron totalmente o rumbo das miñas escollas literarias.

Cando a AGAL me propuxo facer a lectura feminista do *Scórpido*, entroume o pánico. Pouco lembraba do contido do *Scórpido*. Na realidade, esquecérao totalmente. Mais mantiña na memoria a lectura gozosa, feliz, marcadora. Lémbrome na Biblioteca do CEIP do Foxo a rescatar o exemplar cincento e lila de Sotelo Blanco, coa súa faixa de Premio da Crítica. E ler empachada.

Temía reabrir o volume. E vou, desde agora, admitir: tiña razóns para iso.

Porque, no que respecta á imaxe das mulleres, ao seu lugar na narrativa, á súa funcionalidade no desenvolvemento na trama, é imposible unha novela ser máis canónica e hexemónica e oficial. E para min non foi xa nin sequera gozosa, senón mesmo custosa de ler.

Scórpido desenvolve a súa trama entre os anos 1910 e 1938/1939. Segue a vida do protagonista desde o nacemento até a morte e, na segunda parte da obra, aparece como pano de fondo o golpe fascista do 36 e a guerra. Xa por isto moitas cualifican a obra de épica, de narrativa histórica, de novela de heroe. E eu procurei iso nesta miña segunda lectura para dar cun folletín, auténtica literatura rosa, pois os motores do texto deixan de ser as grandes decisións políticas ou os grandes momentos históricos para seren os amoríos do protagonista. A intriga está en sabermos, descubriremos, ou nin iso, cales son e por que xorden as amantes de Rafael, se manterá a relación coa Chéli, se lle será infiel coa Cleo, se houbo algo coa Eugénia.

É moi evidente a escolla desta estrutura por parte do autor, tanto que as primeiras reflexións obríganos a preguntarnos como pode ter sido ignorada, en xeral, pola crítica. E damos cun dos primeiros prexuízos machistas do mundo literario. Sempre houbo xéneros literarios desprezábais: a literatura infantil e xuvenil, nos seus inicios a novela, a literatura rosa, os xéneros confesionais (diario, autobiografía); e por desprezábais eran os permitidos ás mulleres, o cal incrementaba o seu desprestixio: xéneros menores só exercidos por mulleres = xéneros peores. Cando un home recorre a estas estruturas para organizar a súa obra, e sempre que esa obra sexa cualificada como de alta calidade, hai dúas opcións habituais: a primeira, tirar importancia, mesmo ocultar, a presenza desas marcas; a segunda, sobrevalorar a capacidade do home para dignificar un xénero menor, feminil.

O primeiro, polo tanto: Carvalho Calero fai literatura rosa. Decidiu que era a estrutura mais adecuada para nos narrar anos centrais na recente historia da patria. Pregúntase o Salgueiro: “estou a escribir novela rosa?”¹ E nós respondemos: Si, está a facer. E está ben, e digámolo ben alto. Non paga a pena disimular.

Susana Sanches Arins

1- Pág. 87.

UN OLLAR FEMINISTA SOBRE SCÓRPIO

TAREFA 1

O folletín ou literatura rosa é un campo ben interesante como reduto subversivo en épocas de censura e control policial da obra das autoras. Imos aproveitar para nos aproximarmos á figura de Cassandra Rios, autora brasileira, que incorporaba ás súas novelas, literatura de quiosco e papel barato, tal cal como nun cabalo de Troia, todo o tipo de temáticas político-sociais nas décadas dos 60 e 70.

Le o artigo sobre ela na [wikipédia](#). **Que elementos da súa biografía chaman a túa atención? Repara nas seguintes cuestións: temas de escrita, popularidade e vendas, problemas coa censura, uso de pseudónimo masculino.**



Cassandra Rios

Nomear é apropiarse de algo. Pensemos nos exploradores e colonizadores: o primeiro que fan en chegando a un lugar e colocarlle un nome, con independencia de que teñan un anterior, un escollido ou un acollido como identitario. O mesmo acontece no *Scórprio*. É certo que os protagonistas teñen cadanseu alcume, Scórprio e Sagitário, mais os nomes escollidos nunca anulan ou impiden os nomes propios, Rafael Martínez Pinheiro e Jorge Bermúdez. As mulleres que aparecen na narrativa, fóra as da intimidade ferrolá, teñen todas nome escollido polos protagonistas. De poucas delas chegamos a saber o nome propio; da maioría, nunca. Damos con elas só a través do ollar masculino e por iso mesmo só chegan a nós se capacitadas para seducir ou gustar aos homes: Cleopatra, Helena, Afrodita, Salomé, Artemisa... nomes de claro valor simbólico sempre asociado á beleza. Aquelas que pouco lhes interesan aos homes fisicamente, nin nome teñen: “Som duas madrilenas que estudárom juntas. *Umha parece-me insignificante como mulher*, ainda que demostra estar mui ao dia em matéria de poesia espanhola contemporânea. *A outra é Artemisa*. Nom lhe pugérom esse nome no baptismo, desde logo; mas eu designei-a com esse mitológico alcume antes de conhecer a sua identidade, e agora, quando falamos dela, alomeamo-la assi. Mesmo lho temos confessado a ela própria, e nom lhe pareceu mal, a julgar pola sua reacçom. É umha rapariga mui séria, mas nom adusta, e tam gentil e lançal que a mim me move a admiraçom, e me evoca a esbeltez divina da Diana Caçadora. No que diz respeito à inteligência é, evidentemente, a primeira entre todas as mulheres que ficam em pé, quero dizer que nom fôrom eliminadas do curso. *Com diferença à sua companheira*, amostra nas “trincas” umha implacável objetividade crítica que nom se embrulha em concessons cortesies.” (páx. 147/148; itálicos meus)

UN OLLAR FEMINISTA SOBRE SCÓRPIO

Como indicamos antes, os nomes escollidos polos protagonistas da obra para as mulleres que os acompañan teñen un claro valor simbólico, tanto como transparente. Permiten colocar as personaxes femininas na tipoloxía tradicional da literatura masculina: a muller anxelical, a muller ideal e a muller diabólica, esta última divisíbel en mulleres más e femmes fatais. Na narrativa de Carvalho Calero outro tipo de muller, diferente, alternativo², está ausente.

As mulleres ferrolás da vida de Scórpico forman parte dese mundo anxelical. Aurélia, a nai, e Chéli, a noiva/irmá eterna responden a ese modelo punto por punto. Ningún pormenor foxe do papel do recato abnegado, da sombra acompañante do heroe da trama. O rol virxinal da Chéli até fai dudar todas as demais personaxes se exerce realmente de namorada do protagonista³.

As demais, excluindo nai e irmá, zás, mulleres diabólicas e/ou ideais. Belezas perfectas, admirábeis, como a Artemisa. E mulleres más. Rafael Martínez Pinheiro está construído como personaxe distinto e distante, de quen nunca sabemos se sente ou se os feitos que lle acontecen na vida pasan realmente por el. Neste sentido, énos colocado como un home que se deixa levar, que se deixa facer. E aparecen aí as femmes fatale, para levar Scórpico por camiños que el nunca pisaría: “Nom há dúbida de que Eugénia foi a sedutora, e Scórpico, o seduzido. Esta mulher de vinte e três anos, tam misteriosa, e a quem o mesmo dia em que Cleo regressou inesperadamente, saudei eu na Porta Fageira, quando se dirigia à sua casa, e eu voltava de um passeio pela Ferradura, apresenta-se-me agora ao jeito de umha verdadeira mulher fatal, dessas sereias que o cinema nos fornece como umha sublimação entre diabólica e feérica da femineidade, para compensar-nos de algum jeito, aos pobres homens, aos pobres moços coma mim – das frustrações eróticas que nos fostregam, entre a grosseira do amor mercenário e as reservas mexeriqueiras das nossas companheiras de status social⁴.” (páx. 34)



2- Se facemos esta análise na súa poesía, daremos cos mesmos modelos.

3- O capítulo LXIX da primeira parte, no que é narrado o día do casamento, é boa mostra desta imaxe da Chéli.


4- Véxase como é naturalizado o recurso a prostitutas como actividade “natural” entre os homes.

UN OLLAR FEMINISTA SOBRE SCÓRPIO

TAREFA 2

Infórmate sobre as personaxes bíblicas e mitolóxicas que se encontran tras dos alcumes das mulleres da novela: Cleopatra, Salomé, Afrodita, Helena, Artemisa. Atende á relación que tiveron cos homes e con que fama pasaron á historia.

En grupos, despois de obter a información, lede algún capítulo de *Scórpico* no que (se) fale de cada unha desas mulleres e contrastade as súas figuras cos referentes histórico/mitolóxicos



Artemisia Gentileschi: *Salomé coa cabeza de San Xoan Bautista*

O papel que as mulleres teñen na narrativa contrasta co momento das mulleres no contexto social da época. Nos anos 20 e 30 do século XX a Universidade galega comeza a recibir as primeiras estudentas. É a época da Residencia de Señoritas en Madrid e das chamadas “sinsombrero”, mulleres que, como Maruja Mallo, decidiran vestir seguindo novas modas e optaran por recusar levar a cabeza cuberta, insubmisas ás normas sociais⁵.

TAREFA 3

Infórmate sobre a vida de Olimpia Valencia, as irmás Fernández de la Vega ou Maruja Mallo e os seus anos universitarios. Contrástaa coa vida universitaria que reflicten as mulleres estudentas no *Scórpico*. Nas biografías destas mulleres hai algunha referencia a amoríos estudiantís? Algunha participa en actividades culturais e políticas? A información sobre os seus estudos transmite a idea de elas iren á universidade para cazar marido?

A presenza das mulleres na Universidade é reflectida na obra, mais isto está lonxe de ir en paralelo co seu rol na narrativa. Aparecen aí, nese novo espazo conquistado, mais para o mesmo de sempre: darlles pracer estético, sensual e sexual aos homes. Así como os mozos ían a Santiago para estudar, divertirse, andar en literaturas e política, as mozas só ían pasear e procurar namorado. Nunca falan daquilo que aprenden nas sesións académicas, nunca opinan sobre política. Aparecen como simples comparsas da vida masculina.



Olimpia Valencia

5- E tanto que é mostra de rebeldía: “Também é negra a sua melena, que, infelizmente, usa, como todas as mulheres hoje, *cortada à la garçon*. Como lim nuns versos publicados en Blanco y Negro, creio que de Cristóbal de Castro: Tu, entre todas, las del día / con melena a la garzón, / eres la anfibología / andrógina de Platón.” (páx. 29)

UN OLLAR FEMINISTA SOBRE SCÓRPIO

TAREFA 4

Infórmate no Álbum das Mulleres de culturagalega.org sobre universitarias nas décadas dos 20 e 30 do século XX. Se inicias a procura coa palabra-chave “universidade” resultará máis fácil localizalas.

Elabora a listaxe de mulleres que aparecen referenciadas. En cantos campos de estudo hai mulleres? De cantas delas coñecías a existencia? Cantas tiveron obstáculos para iniciar estudos universitarios? Cantas tiveron problemas após o golpe de Estado de 36?



Maruja Mallo e Josefina Carabias en 1931

Na novela aparecen máis mulleres que as universitarias a relacionarse cos protagonistas. Aparecen tamén mulleres das camadas populares e mulleres prostituídas, que nalgúns casos acaban por ser as mesmas.

No tempo de estudantes os protagonistas visitan e galantean tres raparigas, Susa, Rosa e Luzia⁶, das cales gozan até onde queren, mais que xa desde o inicio aparecen responsabilizadas por esa relación: “todas atirando ao fino, atirando aos estudantes, que temo que qualquer día os artesaos do bairro nos dem um desgosto” (páx. 75). Mais eles pónenas á parte cando deixan de convirilles e así llo recrimina Susa a Sagitário no capítulo XLII.

Na fronte de guerra a presenza das mulleres é limitada ás soldadeiras, así conceptualmente percibidas. Mulleres que andan nese mundo só para satisfaceren desexos e necesidades masculinas. Faise diferenza de clase entre elas: as cortesás, elegantes, mesmo distinguidas, e as heteras, de rúa: “Neste Madrid sitiado nom todo é guerra. Aínda há homens que se deitam com duas mulheres. O amor exercita-se livremente, as heteras peripatéticas que se ofertavam ao viandante nas ruas que desembocam na Gran Vía, já actúan nesta sem temor à policía. Nom as grandes e formosas e elegantes cortesás que frecuentam os mais distinguidos cafés, como a minha vizinha do Negresco, senom as humildes trota-ruas que ontem se agachavam nas sombras, controladas ou contidas pola política urbanística e policial e o vago ideal republicano de abolición da prostituição.” (páx. 172)

6- A mais nova de só quinze anos.

UN OLLAR FEMINISTA SOBRE SCÓRPIO

TAREFA 5

Infórmate sobre a proposta de Clara Campoamor, aprobada en 1935, para abolir a prostitución. Compáraa cos debates actuais sobre este asunto.

Que defenden as abolicionistas? Que piden as regulacionistas? En que espazo situarías Clara Campoamor? Do fragmento que acabamos de referir da novela, podemos deducir que as propostas de Clara Campoamor tiveron pegada social?

A Editorial Galaxia acaba de publicar parte dos escritos desta política feminista: *O meu pecado mortal*.



Mulleres antifascistas a manifestarse durante a guerra

Tratan como mulleres prostituídas aquelas que usan aproveitándose das necesidades económicas delas, ao mesmo tempo que se auto-representan como benfeitores en vez de abusadores: “...tem resolvidos os problemas da sua libido *com o uso e desfrute de umha boa moça do país*, umha viúva nova com dous fillos, a quem começou protegendo desinteressadamente, e que lhe agradece deste jeito a sua desinteressada protecçom” (páx. 233; *itálicos meus*). Mulleres vistas como campo de batalla, terreo, como o bélico, para conquistar e do que tomar posesión, agás se for a ideal ou a anxelical: “Desejava e possuía outras mulheres, mas a amada só me inspirava ternura.” (páx. 232)

Durante a Guerra Civil española as mulleres mobilizáronse na defensa da República, sobre todo dentro das fileiras comunistas e anarquistas. Mais nestas mulleres pouco reparan as personaxes, por só procuraren nelas obxectos de desexo sexual. Venas, mais sen lles dar importancia. Contrasta así como é mencionada a presenza anónima delas nas manifestacións con como é descrita en pormenor a presenza das cortesás de café: “Desde mui cedo começárom a afluir obreiros, *numerosas mulheres*, elementos das classes de tropa e muitos guardas do corpo de Guarda ao que pertencia o militar assassinado” (páx. 155; *itálicos meus*).

Venas, mais tratan as súas accións de maneira paternalista, como neste fragmento, único en toda a novela no que é utilizado o cualificativo de *nenas*: “Os cafés están cheios. De quando em quando entran neles umhas moças que levam umha pancarta com letreiros e desenhos patrióticos, e representan umha espécie de propósito excitando os homens a alistar-se para combater na frente. Nós, enfiados nos nossos uniformes e com o aspecto marcial de veteranos defensores de Madrid, permanecemos mui tranquilos nos nossos assentos, sorrindo talvez às rapazas que recitam os seus papéis. Mas alguns paisanos nom demasiado maduros sentem-se inquietos como aludidos pola representaçom, e aliviados quando as *nenas*, que som da CNT ou da UGT, ou da Uniom de Mulheres Antifascistas, se retiram ao fim para ir com a sua música a outra parte.” (páx. 208/209)

UN OLLAR FEMINISTA SOBRE SCÓRPIO

TAREFA 6

Infórmate sobre a Unión de Mujeres Antifascistas e outras asociacións feministas activas durante a Guerra Civil. Indaga sobre a importancia que tiveron no desenvolvemento da guerra e da resistencia.

Que tipo de labores realizaban? Coñecías as asociacións localizadas? Achas que os dous fragmentos da obra nos que se referencian estes grupos se corresponden coa presenza ou importancia histórica que tiveron?

Tal e como está articulada a novela, é certo que toda a diéxese xira arredor da figura de Rafael Martínez Pinheiro, Scórpido. Os capítulos consisten na realidade en declaracións de personaxes diversas que, ou foran testemuñas de feitos que afectan a vida del, ou opinan sobre o seu carácter e forma de ser. Porén, hai espazo para outras narrativas: as palestras universitarias, os planos de futuro dos estudantes, as intrigas políticas, a vida cultural. E mesmo así, cando aparecen declaracións femininas redúcense ao único aspecto do atractivo do protagonista e a vida sentimental e sexual del⁷. Neste sentido a obra mal supera o popular (e simple, se ben que significativo) test de Bechdel.



Manifestación republicana em 1934

O test de Bechdel establece que para calquera obra cinematográfica, e xaora calquera obra artística, ser respectuosa coa presenza das mulleres deben darse as seguintes condicións:

1. Debe haber algunha escena con dúas mulleres
2. Elas deben conversar entre as dúas
3. Elas deben conversar sobre outra cousa calquera alén dun home.

Xa Virginia Woolf destaca este defecto da literatura masculina no seu ensaio *Un cuarto que sexa seu*: “Todas esas relacións entre mulleres, pensei, recordando rapidamente a espléndida galería de personaxes femininas, son simples demais. Moita cousa foi deixada fóra, sen ser experimentada. E tentei recordar algún caso, no curso da miña lectura, no que dúas mulleres fosen representadas como amigas. [...] Vez por outra, son nais e fillas. Mais, case sen excepción, elas son mostradas nas súas relacións cos homes. Era estraño pensar que todas as grandes mulleres da ficción, até a época de Jane Austen, eran non apenas vistas polo outro sexo, como tamén vistas só en relación ao outro sexo. E que parcela mínima da vida de unha muller é iso!”

7- Poucas veces as mulleres ofrecen informacións alén do plano sentimental, autenticamente políticas, mais elas veñen referidas indirectamente, por exemplo a través de Barreiro: “Um tio de Artemisa é tenente coronel da Guardia Civil, e a nossa companheira sabe por ele mais do que dim os jornais.” (páx. 153)



UN OLLAR FEMINISTA SOBRE SCÓRPIO

TAREFA 7

Escolle algún dos capítulos da novela que estea narrado desde o punto de vista dunha muller. Se entre todo o grupo revisardes varios a análise será mais completa.

Comproba se ese fragmento ten ou non relación con homes ou con cuestións vistas como femininas. Escolle algún capítulo narrado desde o punto de vista dun home no que fale dalgunha muller. É a visión que dá estereotipada?

As mulleres toman a voz poucas veces. Porén, debemos ser coidadosas na lectura. A aparente polifonía da novela é iso, aparencia. Na realidade é a voz autorial a gobernar todas as declaracións, o Salgueiro, que é quen está, desde dentro, a construír a narrativa. As personaxes carecen de voces propias, fóra das que el imaxina que terían: “*Essa mulher que fala, nom fala exactamente como o faria umha mulher real da sua condiçom*” (páx. 60). E tanto! Isto fai que as veces que ouvimos as personaxes femininas atendamos a voces tinxidas de androcentrismo. Mulleres a ver o mundo como o ollaría un home. Na realidade, mulleres a ollárense a si mesmas como un home o faría. Como fai o Salgueiro.

TAREFA 8

Define “androcentrismo”. Pensa noutra obra literaria ou audiovisual á que poidas aplicar ese termo. **Elaborade unha listaxe con todas as do grupo. Son habituais na nosa cultura obras androcéntricas?**

O capítulo LX, no que fala Helena, é boa mostra diso. Comeza así: “As minhas medidas som: colo 35, costas 34, tórax 84, cintura 60, quadris 90, talha 1,65. tenho dezanove anos, estudo terceiro de carreira. // Como som? Bem, no párrafo anterior já se diz como sou” (páx. 106). Helena exerce como Narcisa a admirarse no espello, e dubidamos se é ela realmente a describirse ou un Salgueiro que está a espiar polo furado da fechadura. Admite ser boa estudante e con calidades intelectuais, mais todo o capítulo é un descender detallado polo seu corpo e a capacidade deste para seducir homes: “O meu perfil é bastante grego. Seria de umha seriedade algo académica se os meus olhos e a minha boca nom fossem como som. Aqueles, dous meninhos escachapedras; esta umha rosa de especioso sorriso escarlata. Mas a minha cabeça é sólida sobre um colo de alabastro. E como que ainda estou perante o espelho, estou vestida -nom som umha perversa voluptuosa-, *nom podo descrever muito mais da minha pessoa*, embora o azougue registre um busto alto, breve e agudo, e uns estreitos, mas alegres quadris” (páx. 109; *italicos meus*).

TAREFA 9

Helena é “auto-descrita” respondendo ao modelo clásico de beleza feminina.

Fai unha listaxe cos elementos que achas integraren o ideal canónico de beleza. Le o capítulo LX e fai unha listaxe coas características físicas da Helena. Que coincidencias hai entre unha listaxe e outra?

Outro momento da narrativa destacábel neste sentido é aquel dedicado a Cleo/Júlia e ás súas pernas. Novamente a muller como obxecto de desexo masculino e outra vez ela a verse a si mesma gozada de homes, como se para todas as mulleres fose ese o obxectivo (capítulo XLI).

En fin, a novela *Scórpio* representa ben a literatura canónica masculina. Combina todos os recursos que ten á man para invisibilizar as mulleres como protagonistas, reducilas a tópicos, negarlles a voz e conceptualizalas como simples obxectos de desexo e medios para satisfacer necesidades sexuais masculinas. É por iso que esta novela é un bo pretexto para traballar nas aulas estas cuestións e, ao revés, é imposíbel ignorar todas estas cuestións ao traballar o texto nas aulas.

Autoría: Susana Sanches Arins

Coordinada por: Teresa Crisanta V. Pilhado & Eduardo Maragoto

Diagramada por: Uxio Outeiro

Este material didáctico contou co apoio da Consellería de Cultura e Turismo e da Deputación da Coruña.



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

#aculturasegue

